

**CONCELLO
DE VIGO**



ÁREA DE RECURSOS HUMANOS
E FORMACIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL NA LEXISLATURA 2019-2023

DECRETO

Constituída a Corporación Municipal de Vigo para a lexislatura 2019-2023 o día 15/06/2019, e en cumprimento das instrucións proporcionadas por esta Excma. Alcaldía, en acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2019 procedeuse á aprobación do número e réxime do persoal eventual, en cumprimento das instrucións proporcionadas pola Excma. Alcaldía e consonte á normativa vixente.

Considerando o previsto nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local -que contempla que o nomeamento e cese do persoal eventual é libre, correspondendo éste ao Alcalde ou Presidente/a da entidade local, establecéndose que o dito persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza e asesoramento especial-; artigo 176 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia;

Visto o preceptuado no artigo 12 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que é persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, sólo realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin;

No uso das atribucións que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, me outorga, pola presente **RESOLVO:**

“Nomear, con efectos económicos e administrativos do 07 de abril do 2021, ao persoal eventual que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, concretado en:

-Persoal eventual Gabinete Alcaldía:

PUESTO	DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL	NOMBRE
Asesor/a Relacións Institucionais e Protocolo	Xornada completa	39.710,59 €	INÉS SANTOS COBO

Comuníquese a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Concelleira-delegada de Xestión Municipal, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, Técnico de Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e, interesada para os efectos oportunos”.



Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

EFC/MDG

Vigo, sinatura dixital

O ALCALDE.- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M.^a Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/04/2021 20:10

Páxina 2 de 2

Expediente 34264/220

CSV: 23ECD4-28E888-B7EDB1-YV522C-3AEWQT-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>